

**Adonis** é o pseudónimo literario de Ali Ahmad Saíd Esber (1930), sirio de nacemento e libanés de adopción; un poeta, ensaísta e crítico que é autor dunha das obras máis ricas, complexas e fondamente renovadoras da literatura árabe contemporánea.

Licenciado en Filosofía pola Universidade de Damasco e doutorado pola de Beirut, a mediados dos cincuenta foi encarcerado por pertenza ao Partido Nacionalista Sirio. Xa ceibo, trasládase ao Líbano e funda a revista *Chi'r (Poesía)*, unha revolucionaria porta pola que a poesía moderna occidental entrará a conectar e influír na lírica árabe. O mesmo camiño percorre Adonis, e o seu *Os Cantos de Mihyar o de Damasco* (1961) pode considerarse obra fundacional da poesía árabe moderna. Vasto coñecedor da lírica árabe, cuxa lectura modernizou dende as bases renovando criterios artísticos, en 1984 a guerra civil libanesa obrigao a se instalar en París, onde hoxe segue. Exerceu a docencia en Universidades do Líbano, Francia, Suíza, Alemaña ou os Estados Unidos, e foi representante da Liga Árabe para a UNESCO.

Ademais dos seus máis de vinte poemarios orixinais, outros tantos en tradución, xa ao francés xa a outras catorce linguas europeas –maiormente italiano, alemán e español– e seis orientais, na súa ampla bibliografía constan numerosos ensaios, antoloxías e traducións. Por todo isto, trinta e tres importantes galardóns literarios internacionais e dous doutorados Honoris Causa adobían unha obra incalculable, que nos últimos anos o ten convertido nun dos nomes favoritos para o Nobel de Literatura.

### RAPSODA

*Xáctase o bosque inexpugnable  
dos lobos que devastan o cerco que o protexe.  
Por que entolece o ceo, cando a pedra se alza  
e guinda unha rosa baixo a súa fiestra?*

*Saíde, lobos da tolemia, e dicide: Sexa a paz.  
Benestar que fai rodar a súa herdanza  
pola senda de Xerusalén ou A Meca,  
ovella que non ten máis patrimonio  
ca un año perdido.  
Humanidade que camiña cara o seu Señor  
cun pé na terra e outro  
no ceo. Fato de roxelos.  
A esfera de Deus escribe a súa historia con tinta  
que non é senón sangue.  
Por que non abandona a terra a súa quimera?*





(ADONIS)

Luns 9 de xuño  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





**Manuel Álvarez Torneiro** naceu na Coruña en 1932, e a carón do impacto da Guerra Civil e a miseria da posguerra, unha orfandade prematura obrigouno a pasar a súa nenez acollido por parentes en Lugo, forxando un carácter introvertido que o levaría a refuxiarse na lectura dos grandes autores da literatura universal. De mediados dos 50 datan as primeiras obras escritas –e xa premiadas– dun Torneiro aínda moi novo. Durante esa década traba amizade con destacados intelectuais de noso, caso de Miguel González Garcés, Avilés de Taramancos ou Urbano Lugrís, e empeza a traballar en *La Voz de Galicia*, onde tamén exercerá a crítica literaria.

Nos inicios dos anos oitenta empeza a publicar, primeiro en castelán –dúas veces finalista do premio Esquíu– e despois xa só en galego. Entre a súa quincena de títulos poéticos, salientan entre outros *Memoria dun silencio* (1982, finalista do premio Cidade da Coruña), *Fértil corpo do soño* (1986, accésit do premio Esquíu), *As voces consagradas* (1992, accésit do González Garcés), *Rigorosamente humano* (1995, premio Esquíu), *Luz de facer memoria* (1999, premio González Garcés e da Crítica Española), *Campo segado* (2001, premio González Garcés), *Parábola do incrédulo* (2006), *Os ángulos da brasa* (2012, Premio Ánxel Casal, da AELG, da Crítica Española e Nacional de Poesía) e o recentísimo *Onde nunca é mañá* (2014), ademais da antoloxía *Os reinos do fulgor (1982-2002)*. Encadrado pola crítica na “Xeración das Festas Minervais”, o nome imprescindible de Manuel Álvarez Torneiro supón a día de hoxe o único poeta galego que ten conseguido o Premio Nacional de Poesía que concede o Goberno Español.

#### PROXECTO

*Hei pechar as axendas e facer meu o día,  
volver á vocación das antigas xornadas.  
Hei facer o bocexo da vella enredadeira,  
comprobar se o farrapo alimentou o lume  
e foron as especias vangardas do sentido.*

*Hei tirar a estas augas a pedra escurecida,  
confortar os meus mortos no fonal dun insomnio,  
poñer en paz a herdanza que cabe nunha ollada,  
desenterrar a cunca na que figura un nome  
e compracerme, humano, na rosa que repite.*



## (MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO)

Luns 9 de xuño  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

